

CONVOCATORIA

ELECCIÓN Á ASEMBLEA XERAL, COMISIÓN DELEGADA E PRESIDENCIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

Don Gaspar Pérez Carnero, Presidente da Federación Galega de Xadrez (FEGAXA),
CONVOCA,

Segundo o previsto pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, LEI 3/2012 do 2 de abril do deporte de Galicia, o *DECRETO 171/2021 do 23 de decembro e a LEI 3/2025 de 15 de decembro da modificación da Lei 3/2012 do 2 de abril do deporte de Galicia, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas e o regulamento electoral aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte*, o Presidente da Federación Galega de Xadrez convoca a celebración de eleccións á Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidencia.

O proceso electoral levarase a cabo de acordo có disposto no Regulamento Electoral aprobado pola Asemblea Xeral en xuntanza extraordinaria celebrada o 2 de maio pasado e ratificado pola Secretaria Xeral para o Deporte (SXD).

Os actos do proceso electoral levaranse a cabo nas datas contidas no calendario electoral anexo ó Regulamento.

As mesas electorais para a celebración das votacións estarán emprazadas (art.9 do regulamento electoral) no enderezo da Federación (rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, Vigo) e no Hotel Scala de Padrón (A Coruña).

Dende a publicación desta convocatoria queda exposto o censo provisional de electores e elixibles para que calquera membro da Federación poida consultalo e facer as reclamacións que estime oportunas ante a Xunta Electoral nos prazos e datas previstas que figuran no calendario electoral anexo a esta convocatoria. A consulta do censo pode facerse no taboleiro de anuncios da Federación ou na páxina web da mesma: www.fegaxa.org, no apartado “ELECCIONS 2026”.

As persoas membros da federación que pertencen a dous ou mais estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito dirixido á xunta electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo provisional. O criterio para identificar os electores nun único estamento, no caso de non exercer a opción individual, serán, por esta orde: xuíces/árbitros, adestradores e deportistas (art. 6.3 do regulamento).

1.- Regulamento electoral, calendario electoral e censos provisionais.

Adxuntanse como anexos a esta convocatoria, publicándose no tablón de anuncios da Federación Galega de Xadrez (FEGAXA) e na web federativa (www.fegaxa.org no apartado “ELECCIONS 2026”, <https://www.fegaxa.org/gl/elecciones2026/>).



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

2.- Composición nominal da Xunta Electoral (elegida na AXE do 2 de maio).

Titulares:

- D^a. Ana M^a Iglesias Casal.
- D^a. M^a Dorinda Garaboa Paz.
- D. José Manuel Pérez Prego.

A Xunta Electoral ten o seu enderezo no da Federación (r/ Fotógrafo Luis Ksado 17, ofic. 13, Vigo) ou no enderezo electrónico **xuntaelectoralgegaxa@gmail.com** aos cales deberá remitirse toda a correspondencia dirixida á Xunta Electoral e ó Comité Galego de Xustiza Deportiva ou ás mesas electorais.

3.- Forma de remisión da documentación.

- A xunta electoral:
Por correo electrónico a dirección electrónica
xuntaelectoralgegaxa@gmail.com
- Ao Comité Galego de Xustiza Deportiva:
Os recursos dirixidos ao Comité Galego de Xustiza Deportiva deberán presentarse nos órganos federativos ou xuntas electorais que, se é o caso, adoptasen as actuacións, acordos ou resolucións que se pretenden impugnar. (artigo 34 do regulamento electoral).
Por correo electrónico a dirección electrónica
xuntaelectoralgegaxa@gmail.com

4.- Distribución establecida no regulamento electoral do número de membros da asemblea.

O número de membros da asemblea xeral fíxase en cincuenta (50) correspondendo ao estamento de clubs deportivos trinta (30); ao estamento de deportistas catorce (14), dos cales a deportistas de alto nivel dous (2); técnicos-adestradores tres (3) e xuíces-árbitros tres (3). (artigo 18.1 do regulamento electoral).

5.- Día, lugar e horario da celebración das votacións.

- **Data:** día 12 de setembro de 2026.
- **Lugar:** Para a celebración das votacións a candidaturas da asemblea xeral, constituiráanse dúas mesas electorais:
 - 1) Vigo: sede da FEGAXA. Rúa Luis Ksado, 17..... Vigo (36209).
 - 2) Padrón: hotel Scala. Ctra. Nac. Padrón-Santiago. Pazos, s/n.
- **Horario:** de 16:30 a 20:30 horas..
(artigo 9.I do regulamento electoral)

6.- Modelos oficiais de sobres e papeletas de votación.

Os modelos oficiais de sobres e papeletas son os que se detallan no regulamento electoral anexo a esta convocatoria (anexo I do regulamento electoral).

7.- Procedemento e prazos para o exercicio do voto por correo.

Os prazos e condicións para exercer o voto por correo son os que se detallan no regulamento e calendario electoral. (artigo 30).

- Exercicio do voto por correo

1. O voto presencial prevalecerá sobre o emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.

2. As persoas electoras poderán exercer o seu dereito de voto por correo de acordo co seguinte procedemento:

a) As solicitudes de voto por correo poderán presentarse a partir do día seguinte ao da convocatoria das eleccións e ata cinco días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, dirixida ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, conforme ao modelo do anexo II (código do procedemento DE200A).

A presentación electrónica será obrigatoria para as entidades deportivas e outras persoas electoras que estean obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

No caso das persoas xurídicas deberá solicitar o voto por correo a persoa que apareza no censo como representante.

As persoas interesadas que non estean obrigadas á presentación electrónica das solicitudes, opcionalmente poderán presentalas nos servizos provinciais do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte ou en calquera dos lugares e rexistros previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

b) Recibida a solicitude, a Administración deportiva comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral, e enviaralle por correo certificado os sobres electorais e as papeletas de todas as candidaturas, así como a documentación necesaria, ao domicilio indicado na súa solicitude ou, na súa falta, ao que figure no censo.

c) A persoa electora introducirá a papeleta no sobre de votación do estamento e, se é o caso, especialidade deportiva e circunscrición á que pertenza. Posteriormente, este sobre introducirase dentro do que vai dirixido á mesa electoral do voto por correo, xunto coa fotocopia do DNI ou documento identificativo equivalente.

d) O envío deberá realizarse, nalgunha das oficinas de Correos, antes do sexto día hábil previo á data de celebración das eleccións, e deberá dirixirse ao enderezo do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, que custodiará a documentación ata o día da votación.



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

3. O prazo límite para recibir os votos por correo finalizará vinte e catro horas antes das votacións presenciais.

4. O sobre que remitirá á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa custodia, por correo, consignándose no anverso e reverso do mesmo os datos recollidos no anexo I do regulamento.

- Data inicio solicitude voto por correo: 30 de xuño de 2026.
- Data final solicitude voto por correo: 4 de agosto de 2026.
- Data fin prazo para emitir o voto por correo: 4 de setembro de 2026.
(según o calendario electoral)

8.- Composición nominal da Comisión Xestora.

Membros elixidos pola xunta directiva (4 membros) e comisión delegada (4 membros), en data 24 de abril e ratificados pola AXE de 2 de maio.

Titulares:

- D. Gaspar Pérez Carnero (como presidente sainte).
- D^a. Raquel Calleja Modia (secretaría).
- D. Antonio Espiñeira Cajaraville (tesoureiro).
- D. Angel Fco. Vilas Fernández.
- D. Jesús Rodríguez Pérez.
- D. Miguel Reboredo Otero (representante do estamento de entidades dep.).
- D. José M^a Dorado reboredo (representante do estamento de deportistas).
- D. Francisco J. Ogando González (representante estamento de árbitros).
- D. Diego A, Espiñeira González (representante estamento de adestradores).

Suplentes:

- D. Juana M^a Martinez Fernández.
- D. Walter López Rodríguez.
- D. Oscar B. de Prado Rodríguez.

Coa publicación desta convocatoria electoral, a Xunta Directiva cesa nas súas funcións e queda constituída en Comisión Xestora, limitándose no sucesivo a adoptar acordos de mera administración e trámite.

En Vigo, a 30 de xuño de 2026.

O Presidente da FEGAXA,